

www.mostrateatrocangas.gal

ENMA PINO LUZ SOBRE A HISTORIA

AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

XOVES 27 DE XUÑO ÁS 19.30H



ENMA PINO

PIANISTA E COMPOSITORA (TUI 1958 – VIGO 2014)

O líquido amniótico no que Enma Pino navegou antes de entrar neste mundo debeu estar cheo de fusas, semifusas e corcheas porque toda ela foi blues. Auténtica alma de blues.

Xa de nena, e sen coñecemento algún de música, tocaba todo canto instrumento tiña a man, piano, guitarra, flauta... e estuda danza, tamén. Na súa precoz adolescencia inicia estudos de música e piano en Vigo. Nos primeiros 80 marcha a Barcelona a estudar piano e combo no mítico Taller de Músics.

Regresa a Galicia cunha idea fixa, facer música e tocar o piano, con furia, como só ela sabía tocar. Gáñase a vida percorrendo Galicia con diferentes orquestras converténdose nunha das primeiras mulleres instrumentistas sobre un escenario.

Activista infatigable pola cultura, convive e colabora co xenial grupo de comunicación poética 'Rompenite' e absorbe a luz e a forza do inesquecible Grupo Atlántica. Forma parte de grupos emblemáticos de rock, como 'Bromea o qué', 'Bombeiros Voluntarios', 'Bloody Mary' ou 'Frangos' e empeza a compoñer. Colabora cos rompedores programas de Chichi Campos para a TVG, 'SOS' e 'A ver que vai ser isto'.

Excelente arreglista, dirixe musicalmente o primeiro concerto de mulleres celebrado en Vigo nos anos 90, no que participan grandes cantantes como María del Mar Bonet, Leilia, Omara Portuondo, Filipa Pais, Uxía Senlle, María João, María Costas e Minela.

Saca o título superior de piano e pepara oposicións ao tempo que traballa en diferentes colexios e conservatorios de Galicia. Compón para cine, teatro e grava villancicos de rock para a infancia. Traballa infatigable no piano, investiga, crea sons propios, extraños, sempre na procura da súa propia voz.

Enma Pino abandoa este mundo demasiado nova, con moito por facer pero deixando unha vibrante pegada creativa, chea de talento, brillo e paixón. Pegada que hoxe Mulleres en Acción-MITCFC queremos celebrar.

Presenta: María Armesto

Interveñen:

Laura Romero, ilustradora, urban sketcher e música, presentará o seu proxecto, Músicas Galegas Ilustradas, e falará do papel das mulleres na música.

Area Erina, videocreadora, presenta e estrea unha creación que documenta, poéticamente, a vida e obra da súa tía, Enma Pino.

Menchu Lamas, pintora, lembrará a súa amizade coa compositora, a relación de Enma coa pintura e o seu activismo artístico nos anos oitenta.

Ánxos Sumai, escritora, falará do interese da compositora pola escrita e dará a coñecer algún dos textos que escribiu ao longo da súa vida.

Elvira R. Pontevedra, pianista e profesora, interpretará unha obra inédita de Enma Pino.

Uxía Senlle, cantautora, interpretará algunha das músicas que as unían.

María Costas, cantante con quen Enma Pino creou o mítico dúo Bloody Mary, interpretará dous temas da compositora a partir de poemas de Ánxos Sumai. Estará acompañada polo pianista Jacobo González.